



PRESENTACIÓN DO LIBRO

“O FUSIL DO SANTABALLÉS”

DE **MANUEL FERREIRO**

VENRES, 7 DE XUÑO DE 2019 - 20:30 HORAS

CASA DA CULTURA DE VILALBA



O vindeiro venres, 7 de xuño de 2019, ás 20:30 horas, na Casa da Cultura de Vilalba, o Instituto de Estudos Chairegos, en colaboración co Concello de Vilalba, organiza o acto de presentación do libro “**O Fusil do santaballés**” un texto teatral escrito por **Manuel Rubiños Ferreiro**.

Intervirán: **Manuel Rubiños, Isidro Cillero, Javier Fernández e Marisa Barreiro**.

O autor escribe o seguinte texto que, a xeito de prólogo, serve para iniciar a publicación:

*“O sangue dos fillos da Matria
tinguiu as terras do Rif
e nelas xermolou un trigo amargo
que como pan de inxustiza
encheu os bandullos dos vencedores.*

*... e ata as cruces frías dos cemiterios
choraron polos fillos da terra orfa
que non tiveron acubillo entre elas
nin baixo das herbas chorasas do camposanto.*

*Por todos os que morreron lonxe do seu lar,
por unhas xentes e unha terra,
pois todos eles son parte da fogueira sacra
da nosa benquerida terra Chairega.”*

“*O fusil do santaballés*” é o segundo libro de Manuel Rubiños Ferreiro. O primeiro, a novela “*...de cando as pedras falaban*”, foi editado no ano 2017 polo Instituto de Estudos Chairegos e forma parte da colección Biblioteca Chairega co número 26.